

## ANÁLISE DAS ENQUISAS ELECTORAIS DO 23X

**CARPENTE SARDIÑA, JOSÉ ANTONIO**

*Profesor de matemáticas xubilado*

Nesta modesta comunicación, que pode servir como práctica na aula para a teoría de erros, analízanse as derradeiras enquisas que apareceron nos medios de comunicación antes das eleccións xerais do pasado 23 de xullo. Concretamente, as aparecidas entre o 12 e o 17 de xullo, derradeiro día este establecido legalmente coma límite para publicalas. Son un total de 12 enquisas; en todas elas faise unha predición das porcentaxes de votos de cada partido e o número de escaños (agás a enquisa do CIS) que obtería cada forza política. Unicamente tres das enquisas dan un número concreto ao número de escaños, o resto dan un abano dentro do cal sitúan o resultado; neste caso tómase o valor central do intervalo para os cálculos. O estudo céntrase só nas catro forzas políticas que obtiveron maior número de votos: PP, PSOE, Vox e Sumar.

Motivoume a facer este estudo a sorpresa que supuxo a disparidade entre os resultados das eleccións e os das enquisas, motivo polo cal trato de indagar cal foi a enquisa que máis se achegou aos resultados do 23 de xullo. Para iso, calcúlase en primeiro lugar o erro absoluto de cada enquisa, tomeime a liberdade de considerar o erro absoluto como a diferenza entre o valor da predición e o resultado real, sen facer o valor absoluto desa diferenza; a idea é deixar o signo para indicar se a enquisa sobrevalorou ou infravalorou (signos + e - respectivamente) o resultado. A continuación, calcúlase o erro relativo e mírase, para cada partido político, cales foron as enquisas que máis se achegaron e máis se afastaron, tanto por defecto como por exceso, do resultado real. Finalmente, calcúlase para casa enquisadora o “erro relativo medio”. Con todos os cálculos, tíranse algunhas conclusións.

Na seguinte táboa aparecen as enquisas analizadas, os medios que as encargaron e a data de publicación:

<b>Empresa</b>	Sondaxe	Sigma Dos	GAD3	40dB	Sociométrica	NC Report
<b>Contratador</b>	La Voz de Galicia	El Mundo	ABC	El País	El Español	La Razón
<b>Data publicación</b>	17 de xulo	17 de xullo	17 de xullo	16 de xullo	16 de xullo	16 de xullo
<b>Empresa</b>	Target Point	GESOP	IMOP Insights	DYM	Simple lógica	CIS
<b>Contratador</b>	El Debate	El Periódico	El Confidencial	20 minutos	eldiario.es	Empresa pública
<b>Data publicación</b>	16 de xullo	15 de xullo	14 de xullo	13 de xullo	13 de xullo	12 de xullo

## 2. Referencias

Algunhas empresas enquisadoras fixeron enquisas previas que non se teñen en conta. Entendo que a derradeira é a que máis se aproximaría ao resultado final pola maior proximidade temporal a el.

Os datos poden consultarse nas seguintes webs:

[https://www.elconfidencial.com/espana/observatorio-electoral/2023-07-17/sondeos-elecciones-generales-23j-pp-consolida-ganar-mayoria-vox\\_3434093/](https://www.elconfidencial.com/espana/observatorio-electoral/2023-07-17/sondeos-elecciones-generales-23j-pp-consolida-ganar-mayoria-vox_3434093/) para as porcentaxes.

<https://www.elindependiente.com/espana/2023/07/17/foto-final-de-encuestas-la-media-da-al-pp-ganador-con-143-escaños-y-deja-a-vox-la-llave-del-gobierno/> para os escanos.